

A palabra de hoxe é

Paralimpíada

Unha paralimpíada é unha competición deportiva internacional para persoas con discapacidade, que se celebra cada catro anos na mesma sede que os xogos olímpicos.



A palabra de hoxe é

Olimpia


Olimpia é unha pequena cidade de Grecia. Foi un dos centros relixiosos e culturais máis importantes da civilización grega. Foi tan relevante na súa época que ata hoxe se conserva e se celebra a nivel mundial o evento deportivo do que foi sede: os Xogos Olímpicos.



A palabra de hoxe é

Esforzo

**O esforzo é a actividade dunha
persoa que emprega as súas
forzas físicas, intelectuais ou de
vontade, para conseguir algo,
vencendo unha resistencia interior
ou exterior. As Olimpíadas son un
exemplo do esforzo do que
podemos realizar as persoas para
conseguir as nosas metas.**



A palabra de hoxe é

Cadeira de rodas

A cadeira de rodas é un asento individual que permite o desplazamento de persoas con problemas de locomoción. Tamén as empregan os atletas paralímpicos en distintos deportes e hai diferentes modelos.



A palabra de hoxe é

Aros olímpicos

Os aros ou aneis olímpicos son cinco aros de cores diferentes entrelazados e dispostos en dúas filas, tres arriba e dous abaixo, sobre un fondo branco. Son o principal símbolo dos Xogos Olímpicos. Representan os cinco continentes.

